

INSTRUCCIÓN 1 quincena de xuño.

## **CIENCIAS NATURAIS**

Observar as fotos e ver vídeo da metamorfose da bolboreta macaón, tamén coñecida como cola de andoriña, galo ou voíña.

Na clase empezamos a facer un diario do verme desta bolboreta que quedou sen rematar por mor do coronavirus. Unha vez que o teñan no seu poder poderán rematalo co debuxo da bolboreta.

## **LINGUA GALEGA**

Lectura dun poema. Deben preparalo en silencio e logo lelo varias veces en alto.

Exercicio con sílabas trabadas.

Completar un trabalinguas coas sílabas br, bl, pr, pl.

Aprender o trabalinguas de memoria. É conveniente que traballen a memoria cos trabalinguas, pequenos poemas, cancións, as táboas, números de teléfono, enderezos...

Ditado do trabalinguas. Coidar que escriban as palabras correctamente sen omitir ningunha letra.

## **LENGUA CASTELLANA**

Facer dúas fichas diarias do caderno.

Preparar as lecturas que están no apartado de Linguas: El Sol, La bicicleta.

## **MATEMÁTICAS**

Dúas fichas diarias do caderno.

Táboa do 2, 3 e 4.

## **OUTROS**

Neste apartado inclúo un enlace a un rosco de Pasapalabra, como o do famoso concurso da tele. É posible que necesiten a vosa axuda.

Boa semana.